

PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

CURSO 2024/25

O prazo de presentación de solicitudes **admisión** para o **novo alumnado** será do **1 ao 20 de marzo**.

VACANTES CURSO 2024-25

ESO				BACHARELATO			
1º	2º	3º	4º	1º CC	1º HHCS	2º CC	2º HHCS
54 (45+9 NEAE)	30	9	39	15	13	8	25

CRITERIO COMPLEMENTARIO CENTRO:

Ter unha **nota media** ≥ 7 no último curso avaliado.

CALENDARIO PROCEDEMENTO ADMISIÓN ALUMNADO

Presentación solicitudes admisión ED550B e anexo II-bis, na sede electrónica https://sede.xunta.gal/ , na aplicación https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado ou na secretaría do centro.	1 - 20 marzo
Presentación documentación complementaria: Só se hai que baremar: Documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados na solicitude.	21 marzo - 5 abril
Publicación listaxes provisionais admisión	25 de abril
Reclamacións listaxes provisionais ante o consello escolar	26 abril – 3 maio
Publicación listaxes definitivas admisión	15 de maio
Recurso alzada listaxes definitivas ante a Xefatura Territorial	1 mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación
Prazo ordinario de matrícula ESO e Bacharelato	23 xuño - 7 xullo

NOTA INFORMATIVA

1º A solicitude de admisión é **única** e ten carácter **vinculante**. Presentarase no centro solicitado en primeiro lugar, podendo pedir ata 6 centros por orde de preferencia.

Para **renunciar á solicitude de admisión**, indícase **expresamente** no recadro correspondente da nova solicitude.

Asemade, o alumnado que tivera presentado unha solicitude de **reserva** para o centro de adscrición **poderá renunciar á mesma ata o 28 de febreiro** (este incluído).

A falta de renuncia en ámbolos casos poderá ser causa de perda do dereito a participar no procedemento de admisión.

2º A admisión e matrícula nun centro docente público implicará respectar o proxecto educativo do mesmo.

3º Na aplicación admisión alumnado <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado> poderá consultarse:

- a) Cronograma principais trámites procedementos reserva, admisión ordinaria e matrícula.
- b) A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.
- c) A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación admisionalumnado no momento da súa gravación.
- d) O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- e) A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

NORMATIVA REGULADORA

- **Decreto 13/2022, do 3 de febreiro**, pola que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG, nº29, do 11/2/2022).
- **Orde do 21 de outubro de 2022**, pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro (DOG nº112, do 8/11/2022)
- **Acordo do 11 de outubro de 2023**, sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da comunidade autónoma de Galicia, no que sexa aplicable.

Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2024-25.